



Suxestión dirixida á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que faga extensiva a organización das probas presenciais establecida para o bacharelato de adultos telemático á educación secundaria para persoas adultas, determinando as sedes dos exames na convocatoria de matrícula, co fin de facilitar a planificación dos estudos para a obtención do título de graduado en educación secundaria ao alumnado no que conorra unha circunstancia excepcional que lle impida acudir aos centros educativos en réxime ordinario

Expediente: D.3.Q/9656/21

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2022

Sr. conselleiro:

Como sabe, nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dna. xxx. A persoa que promove este expediente esta matriculada en xxx na súa modalidade a distancia no IES San Clemente, en Santiago de Compostela.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indicaba que é coidadora única do seu pai, persoa con dependencia recoñecida. Ten graves dificultades para desprazarse a Santiago para facer os exames. Na súa queixa manifestaba que o 07/09/2021 consultou, mediante correo electrónico enviado ao IES San Clemente, a posibilidade de matricularse na Educación Secundaria para Adultos (ESA) telemática, presentándose aos exames na cidade de Lugo.

Nun correo remitido ao día seguinte, 08/09/2021, o IES San Clemente contestoulle que era posible facer os exames en Lugo. A consellería indica no informe que esta resposta foi incorrecta e que tratouse, posiblemente, dunha confusión derivada do feito de que no Bacharelato de Adultos telemático, as probas presenciais si que se realizan habitualmente en todas as cidades de Galicia. Sen embargo, na ESA os exames nunca se fixeron en Lugo nin noutras cidades como Ourense ou Ferrol.

A persoa que promove este expediente manifesta que, ademais dese correo electrónico, cando chamou por teléfono ao IES San Clemente para consultar cuestións relativas á forma

de matricularse, lle confirmaron que podían facerse os exames en todos os centros EPA de Galicia.

O 5 de novembro, a dúas semanas dos primeiros exames, avisáronlle que as probas tiña que realizalas no propio IES San Clemente, en Santiago de Compostela. Tras falar co xefe de estudos, e da valoración do seu caso, indícanlle que o sinten pero que ningún profesor vaise desprazar a Lugo para facerlle o exame a unha persoa; que foi un erro da persoa ou persoas que lle facilitaron a información, xa que os exames de ESA non se realizan en Lugo. A interesada sinala que para poder acudir a Santiago a realizar o exame na data, hora e lugar que lle indican no centro, tería que saír da súa casa, coller un autobús a primeira hora da tarde para desprazarse de xxx a Lugo, e coller un autobús a última hora da tarde para desprazarse de Lugo a Santiago, durmir en Santiago, facer o exame e coller precipitadamente un autobús que lle permita facer o traxecto inverso nun só día. Insiste en que é coidadora única do seu pai e non ten máis irmáns ou familia que poida facerse cargo del durante a súa ausencia.

Na queixa salienta que se lle esta a negar o dereito a exame e avaliación continua en igualdade de oportunidades que o resto dos seus compañeiros nunha localidade próxima á súa, xa que en toda a provincia de Lugo parece ser que non existe esta posibilidade. Ten constancia de que na cidade de Lugo existen instalacións e infraestruturas para poder facer os exames, pero non na educación secundaria para adultos. Sen embargo, as persoas que estudian Bacharelato a distancia nese mesmo centro si que se poden examinar en Lugo, malia que non sexa unha etapa obrigatoria.

O informe da Consellería de Cultura, Educación e Universidade foi rexistrado nesta institución na data do 18 de febreiro, tras unha primeira solicitude e dous requirimentos. O informe comeza manifestando que a Circular 4/2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións sobre a organización e o funcionamento dos Centros EPA e dos institutos de educación secundaria que impartan ensinanzas básicas de educación para persoas adultas polas modalidades presencial e a distancia no curso 2020/2021 non establece os lugares nos que deben ter lugar as probas presenciais, aspecto que posiblemente provocou o erro de información que deu orixe á reclamación.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade sinala que o procedemento seguido é que a xefatura de estudos do IES San Clemente decida, antes de cada exame, as sedes nas que as probas terán lugar en función do número de persoas matriculadas, da dispoñibilidade de espazos e do persoal do que dispón o centro para trasladarse.

No mes de novembro, xusto antes dos exames, informóuselle á persoa que promove esta queixa que non era posible facer os exames en Lugo. Ante os problemas que manifestou para desprazarse a Santiago de Compostela nas datas dos exames, déuselle a opción de trasladar a matrícula á EPAPU de Lugo, proposta que non aceptou.

Tras expoñer as distintas posibilidades estudadas, o informe conclúe que para este curso 2021/2022 a situación provocada por esta matrícula, baseada nunha información errónea por parte da consellería está resolta de xeito excepcional, pero para vindeiros cursos continuarase a aplicar o establecido na normativa, e a xefatura de estudos do IES San Clemente tomará de novo as decisións correspondentes ás sedes nas que terán lugar as probas en función dos parámetros anteriormente indicados.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións.

Non hai ningunha disposición normativa que regule as sedes dos exames presenciais do alumnado de educación secundaria para persoas adultas pola modalidade a distancia no curso 2020/2021. Para a modalidade presencial, a Circular 4/2020 indica que son as xefaturas de estudos dos centros EPA e dos institutos de educación secundaria que impartan ensinanzas básicas de educación para persoas adultas pola modalidade presencial os que deciden, antes de cada exame, as sedes nas que as probas terán lugar en función do número de persoas matriculadas, da dispoñibilidade de espazos e do persoal do que dispón o centro para trasladarse. Na modalidade semipresencial a distancia, son as xefaturas de estudos deses centros EPA e o IES San Clemente. Na modalidade a distancia telemática, a organización das probas lle corresponde ao IES San Clemente, en Santiago de Compostela.

A educación secundaria para adultos ten claras restricións de acceso. Con carácter xeral, poden matricularse nas ensinanzas de adultos as persoas maiores de 18 anos ou que os cumpran ata o 31 de decembro do ano de matrícula. No caso das persoas que se matriculen no segundo cuadrimestre, deberán cumprir os dezoito anos antes de abril do ano seguinte.

Tamén poderá matricularse na educación secundaria de persoas adultas quen cumpra algún dos seguintes requisitos:

- Ser maior de dezaseis anos e ter un contrato laboral que impida acudir aos centros educativos en réxime ordinario

- Ser deportista de alto rendemento
- Ter cursado ensinanzas de persoas adultas en anos anteriores
- Alumnado que non poida asistir regularmente a un centro ordinario por enfermidade ou impedimento físico, previa xustificación desta circunstancia.

En todos os casos, debe darse unha circunstancia excepcional que impida cursar estas ensinanzas en rexime ordinario. O obxectivo da administración debe ser facilitar a este alumnado a actualización da formación básica que lle permita acceder a niveis superiores do sistema educativo; mellorar a súa cualificación profesional; acceder a outras profesións; desenvolver as súas capacidades e, fundamentalmente, obter o título de graduado en educación secundaria.

Por este motivo, as medidas que faciliten a planificación e programación de exames e actividades para o alumnado en estas circunstancias excepcionais son imprescindibles para acadar este obxectivo. Entre elas, o coñecemento anticipado, no momento da matrícula, dos lugares nos que se realizarán as probas. Non parece adecuado que a xefatura de estudos do IES San Clemente decida, antes de cada exame, as sedes nas que as probas terán lugar en función do número de persoas matriculadas, da dispoñibilidade de espazos e do persoal do que dispón o centro para trasladarse. Esta indefinición pode ser gravosa para os alumnos.

Por outra parte, non queda claro no informe o motivo polo que non se fai extensivo á ESA o mesmo criterio de realización dos exames que existe para o Bacharelato de Adultos telemático, no que as probas presenciais sí que se realizan habitualmente en todas as cidades de Galicia, sen que se xustifique esta discriminación en ningunha disposición normativa. As razóns esgrimidas para que sexa a xefatura de estudos do IES San Clemente quen decida as sedes parecen basearse en motivos de eficiencia e dispoñibilidade de espazos e persoal, motivos que non poden fundamentar un trato discriminatorio entre alumnado do sistema educativo público, nunha modalidade telemática, por mor do nivel educativo, segundo sexa educación secundaria ou bacharelato.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Cultura, Educación e Universidade a seguinte suxestión:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade faga extensiva a organización das probas presenciais establecida para o bacharelato de adultos telemático á educación

secundaria para persoas adultas, determinando as sedes dos exames na convocatoria de matrícula, co fin de facilitar a planificación dos estudos para a obtención do título de graduado en educación secundaria ao alumnado no que conorra unha circunstancia excepcional que lle impida acudir aos centros educativos en réxime ordinario.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo